

## NORMAS DE FUNCIONAMENTO INTERNO DA XI ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

### PRELIMINAR

1. A Asemblea Xeral é o Órgano soberano da FEGAMP. Está integrada polas persoas representantes de todos os socios titulares e polos socios de honor.
2. Na Asemblea Xeral Ordinaria poderán ser incluídos na orde do día todos os temas que, sendo inherentes aos fins da Federación, fosen propostos por un terzo dos membros da Comisión Executiva ou ben solicitados mediante escrito dun número de socios que representen, a lo menos, o 20 por cento dos votos da Asemblea, e dentro do prazo fixado na Convocatoria.

### PARTICIPACIÓN NA ASEMBLEA XERAL

3. Todo **SOCIO TITULAR** da Federación poderá exercer plenamente os seus dereitos na Asemblea Xeral sempre que reúna os seguintes requisitos:
  - a) Ter a condición de asociado á FEGAMP con anterioridade á data de convocatoria da Asemblea.
  - b) Estar ao corrente de pago da súa correspondente cota de asociado, incluída a do ano en curso.
  - c) Figurar inscrito na Asemblea Xeral con anterioridade ao peche do prazo de acreditación de persoas delegadas.
4. En defecto de calquera destes requisitos, a Corporación non poderá exercer nin delegar na Asemblea nin nas distintas Comisións de Traballo o seu voto.

5. *A representación de cada socio titular na Asemblea Xeral será ostentada pola persoa titular da Presidencia da respectiva Corporación ou membro da mesma en quen aquela delegase por escrito, sen prexuízo do establecido no seguinte punto.*
6. *Será admitida a delegación de voto dunha Corporación noutra mediante acordo expreso da persoa titular da Presidencia da entidade delegante, acordo que deberá estar no poder da Presidencia da Asemblea no prazo indicado na Convocatoria da mesma. Neste caso, a representación da devandita entidade na Asemblea corresponderá á entidade delegada.*
7. *Participarán na Asemblea Xeral en calidade de **DELEGADOS**, con voz e con voto, quenes ostenten a representación dos socios titulares da FEGAMP que reúnan os requisitos subliñados no punto 3 das presentes Normas de Funcionamento.*
8. *Participarán co carácter de **OBSERVADORES**:*
  - a) *Con voz e sen voto, quenes, pertencendo a Corporacións asociadas á FEGAMP, non ostenten a representación das mesmas na Asemblea e contén coa oportuna autorización para tal fin. Poderán asistir ás sesións da Asemblea Xeral e das Comisións de Traballo, nos dous casos con voz e sen voto.*
  - b) *Sen voz nin voto, as persoas representantes dos socios titulares da FEGAMP que incumpran algún dos apartados aos que se refire o punto 3, así como aquelas persoas que fosen invitadas pola Comisión Executiva pola súa especial relevancia nas materias obxecto de debate. Poderán asistir ás sesións da Asemblea Xeral e ás Comisións de Traballo ás que se refire o punto 29 e participar nestas últimas comisións con voz, pero sen voto.*
9. *Asistirán en calidade de **INVITADOS**, sen voz nin voto, as persoas representantes de Corporacións non asociadas, representantes de Corporacións sen a autorización mencionada no punto anterior, representantes doutras Federacións de Municipios e todas aquelas personalidades que a Presidencia ou a Comisión Executiva considere axeitado invitar.*

10. *Todas as persoas participantes na Asemblea Xeral deberán estar debidamente acreditadas na mesma, segundo o disposto nos puntos seguintes.*
11. *A partires da data de convocatoria da Asemblea Xeral, e definido nesta, quedará aberto o correspondente período de inscricións, a fin de que as persoas participantes na mesma poidan formalizar ante a FEGAMP as súas solicitudes de acreditación.*
12. *A expedición, por parte da FEGAMP, das respectivas acreditacións a favor das persoas que participen na Asemblea, xa sexa en calidade de delegadas, como observadoras ou como invitadas, incluírá no primeiro caso a expresión do número de votos que corresponda de acordo coas determinacións dos puntos 38 e 39 das presentes Normas.*

### CONSTITUCIÓN DA ASEMBLEA XERAL

13. *A apertura da Asemblea corresponde ao Presidente en funcións da FEGAMP, participando no devandito acto as personalidades invitadas á mesma.*
14. *A Asemblea Xeral constituirase validamente, na primeira convocatoria, coa asistencia de socios que representen a metade máis un dos votos da Asemblea.*

*Na segunda convocatoria, unha hora máis tarde, calquera que sexa o número de votos representados.*
15. *Unha vez concluído o prazo de acreditación de persoas delegadas, o Secretario Xeral dará conta ás persoas asistentes da cifra global de votos da Asemblea, entendéndose por tales os que corresponden á totalidade dos socios titulares da FEGAMP.*

*Así mesmo, dará conta da cifra total dos votos que estean representados na Asemblea Xeral, os cales terán a denominación de votos acreditados. As dúas cifras serán validadas con carácter definitivo pola Mesa para a Elección dos Novos Órganos, unha vez constituída e antes de proceder á votación para a elección do Consello Federal.*

*16. Rematado o acto de apertura, efectuarase a constitución da Mesa da Asemblea.*

### **PRESIDENCIA DA ASEMBLEA**

*17. A Mesa da Asemblea estará formada pola Xunta de Voceiros saínte e será presidida polo seu Presidente, exercendo as funcións de Secretario o seu Secretario Xeral. Á Mesa da Asemblea correspóndelle a constitución da Asemblea Xeral.*

*18. A Presidencia da Asemblea terá as seguintes atribucións:*

- a) Dirixir os debates do Pleno.*
- b) Fixar o orde das intervencións.*
- c) Determinar a cifra, tanto dos votos da Asemblea como dos votos acreditados na mesma.*
- d) Dirixir o cómputo das votacións, exceptuando a dos novos órganos de Goberno.*
- e) Facer cumprir os Estatutos e estas Normas de funcionamento interno da Asemblea.*

*19. A Mesa para a Elección dos Novos Órganos que se forme de acordo co punto 51 das presentes Normas e cos vixentes Estatutos, converterase en nova Mesa da Asemblea no momento en que se vaia realizar a votación para os novos órganos de Goberno.*

### **FUNCIONAMENTO DA ASEMBLEA**

*20. A Asemblea Xeral desenvolverá as súas funcións a través do Pleno e das Comisións de Traballo que se constituán, no seu caso, para o debate sectorial dos asuntos incluídos na orde do día correspondente.*

- 21.** Cada socio titular da FEGAMP poderá solicitar a súa participación nas Comisións de Traballo que desexe, comunicándoo oportunamente á Secretaría Xeral. Non obstante, por razóns técnicas poderá limitarse o número de participantes en cada Comisión. Nos dous casos, a Comisión Executiva ou, no seu caso a Xunta de Voceiros, establecerá o prazo e procedemento de opción, que será remitido aos socios xunto á convocatoria da Asemblea.
- 22.** As Sesións Plenarias estarán presididas pola Mesa da Asemblea, podendo asistir ás mesmas todos aqueles que estean debidamente acreditados na Asemblea Xeral, xa sexa como delegados, como observadores ou invitados.
- 23.** Terán dereito a voz e voto no Pleno os representantes dos socios titulares da FEGAMP que actúen en calidade de delegados.
- 24.** Os observadores poderán participar no Pleno con voz, pero sen voto, excepcionalmente, se tivesen que defender ante este unha emenda particular segundo o establecido no punto 36.
- 25.** Cada Comisión de Traballo estará presidida por unha Mesa que estará integrada por un Presidente, un Vicepresidente e un Secretario elixidos de entre os seus membros, que representarán as tres listas máis votadas nas últimas eleccións locais. Será asistida polo persoal que a Secretaría Xeral poñerá á súa disposición.
- 26.** As Comisións debaterán os relatorios presentados pola Comisión Executiva, ou no seu caso a Xunta de Voceiros, que designará un relator ou relatores para cada relatorio presentado e servirán de texto base para o debate, así como as propostas que previamente enviasen os socios por escrito á Secretaría Xeral no prazo establecido na convocatoria da Asemblea.
- 27.** Corresponderá á Mesa a dirección dos debates e votacións, levantar acta dos acordos e outras incidencias, establecer o orde dos relatorios e facer cumprir estas Normas e os Estatutos da FEGAMP.
- 28.** Os relatores poderán estar asistidos polos técnicos da FEGAMP que a Mesa da Asemblea estime oportunos.

- 29.** *Nas Comisións poderán participar con voz e voto os delegados e observadores que estivesen inscritos previamente e no prazo previsto a tal efecto. Igualmente poderán participar, con voz pero sen voto, os observadores aos que se refire o punto 8 das presentes normas de funcionamento.*
- 30.** *As Comisións poderán aprobar cantas modificacións aos relatorios se consideren oportunas. A tal efecto, en cada proposta de modificación, que deberá ser realizada por escrito, deberán consignarse os seguintes datos:*
- a)** *Referencia clara ao lugar do texto onde se fai a modificación.*
  - b)** *Indicación do tipo de modificación (adición, supresión ou substitución).*
  - c)** *Texto exacto a suprimir, engadir ou substituír, inserindo neste último caso a redacción alternativa que se propón.*
  - d)** *Indicación do nome da persoa relatora que defenderá a proposta.*
- 31.** *Concluídos os correspondentes debates, as propostas someteranse a votación, a cal se rexerá polo disposto no punto 44 das presentes Normas.*
- 32.** *Para a súa elevación perante o Pleno da Asemblea, os acordos de modificación conterán os mesmos datos que os subliñados para as propostas nas letras a), b) e c) do punto 30, engadindo os posibles votos particulares a defender no Pleno. Neste último caso, incluírase o texto da proposta e o nome da persoa relatora. O devanditos acordos deberán ir asinados polo Secretario da Mesa da Comisión.*
- 33.** *As propostas presentadas pola Comisión Executiva (ou no seu caso, Xunta de Voceiros), Consello Federal ou polos socios, que non obtivesen maioría na Comisión, poderán ser defendidas como votos particulares perante o Pleno. No segundo caso, requirirán o apoio do 10% dos delegados ou observadores presentes con dereito a voto.*
- 34.** *Cada Comisión nomeará a unha ou máis persoas relatoras para expoñer no Pleno as propostas de resolución.*

- 35.** O Pleno debaterá os diferentes relatorios, sendo o primeiro deles o de Estatutos. Os demais serán debatidos seguindo a orde establecida pola Mesa.
- 36.** Para o debate de cada relatorio, a Mesa da Asemblea dará a palabra a aquelas persoas designadas como relatoras pola Comisión correspondente, as cales procederán á lectura do texto aprobado pola mesma. No caso de existir emendas particulares co número de votos suficientes para ser defendidas no Pleno, darase a palabra a quen as defenda, podendo a Mesa establecer unha rolda de intervencións a favor e outra en contra. O Pleno votará, a continuación, sobre a aceptación ou desestimación do voto particular.
- 37.** Concluída a lectura do relatorio e incorporados, no seu caso, os votos particulares que correspondan, o Pleno procederá á votación global da mesma.

### REGRAS PARA A ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 38.** O número de votos de cada socio titular na Asemblea é o expresado nos Estatutos vixentes coas modificacións introducidas, caso de producirse, na aprobación do Relatorio referente aos Estatutos.
- 39.** A determinación dos votos realizarase en relación aos habitantes, de acordo coa certificación padroal vixente, sendo o número de habitantes dunha Corporación Provincial o resultado da suma dos habitantes dos Municipios nela agrupados.
- 40.** Como regra xeral, para a adopción de calquera resolución ou acordo, será necesaria a maioría simple dos votos da Asemblea Xeral.
- 41.** O acordo de modificación de Estatutos deberá ser aprobado seguindo o procedemento establecido no artigo 23.3 dos vixentes Estatutos: "O acordo de modificación dos Estatutos deberá ser aprobado polo número de votos que representa a maioría legal da Asemblea ou, en todo caso, polos tres quintos dos votos presentes".

- 42.** *O acordo de disolución da Federación deberá ser adoptado en Asemblea Xeral Extraordinaria, segundo o estipulado no artigo 60 dos vixentes Estatutos.*
- 43.** *A ausencia dalgún Delegado, unha vez iniciada a deliberación do asunto, computarase como abstención.*
- 44.** *Nas votacións que, no seu caso, deban producirse nas Comisións de Traballo, cada Delegado e Observador afiliado adscritos ás mesmas terá un só voto e os acordos serán adoptados por maioría simple dos presentes no momento da votación.*
- 45.** *Non obstante o disposto no punto 40, a Asemblea Xeral, na primeira Sesión Plenaria que celebre, poderá acordar por maioría absoluta de votos acreditados que os acordos do Pleno sexan adoptados por maioría simple dos delegados presentes, os cales contarán, en tal caso, cun só voto por cada Corporación á que representen.*
- 46.** *O sistema excepcional de voto previsto no punto anterior non será nunca de aplicación nas votacións que teñan por obxecto a elección dos Órganos Reitores da FEGAMP, a modificación dos Estatutos ou a disolución da Federación.*
- 47.** *A forma ordinaria de votación consistirá en levantar, a requirimento da Mesa, as tarxetas de votación da seguinte maneira: primeiro a favor, despois en contra e, para rematar, os votos en branco e as abstencións. A Mesa apreciará se se obtivo a maioría necesaria. Se existise dúbida, o Presidente solicitará á Secretaría Xeral o auxilio necesario para o recuento de votos.*
- 48.** *A votación nominal realizarase ben por acordo da Mesa, ben por solicitude de, a lo menos, un 25 por cento dos votos da Asemblea. O Presidente da Mesa nomeará por orde alfabético aos socios membros, os cales indicarán o senso do seu voto (a favor, en contra, abstención), computándose para o escrutinio o número de mandatos de cada socio.*



- 49.** *As votacións faranse mediante papeletas para aqueles supostos nos que os votos dispoñibles sexan ponderados. Nestas votacións, cada delegado subliñará o senso do seu voto nas papeletas que se facilitarán ao efecto e que se introducirán en sobre pechado. No devandito sobre farase constar o nome da Corporación para que o servizo de recuento poida, no seu caso, contabilizar o número de votos que lle corresponde. Unha vez efectuada a identificación, os sobres serán introducidos nas urnas que a tal efecto estean dispostas. Rematado o escrutinio, tanto sobres como papeletas serán destruídos. Cada candidatura ou defensores de propostas poderán designar un ou dous interventores para o seguimento da votación e o escrutinio.*
- 50.** *En cada votación soamente poderá exercer o dereito a voto o representante de cada asociado que actúe en calidade de delegado. Iniciada a votación non poderá ser interrompida por causa algunha. Os labores de recuento e escrutinio serán responsabilidade do Presidente da Mesa, asistido polos demais membros da mesma e polo persoal non asembleario asignado a estes efectos pola Secretaría Xeral.*

### **ELECCIÓN DOS ÓRGANOS REITORES DA FEGAMP E CLAUSURA DA ASEMBLEA**

- 51.** *Na orde do día incluírase a designación da Mesa para a Elección dos Novos Órganos e que substituirá á Mesa da Asemblea para dirixir o proceso de elección dos membros do Consello Federal. A persoa encargada da Secretaría Xeral solicitará a presentación de propostas para a constitución da dita Mesa, que se lle entregarán por escrito nun prazo máximo de 10 minutos. A proposta será pechada e estará formada por un Presidente, un Vicepresidente e un Secretario. No caso de existir máis dunha proposta, elixirase a mesa por maioría simple dos delegados acreditados nese momento. Será asistida polo persoal que a Secretaría Xeral poñerá á súa disposición.*
- 52.** *Para a elección do Consello Federal, seguiranse as regras indicadas no artigo 29 dos vixentes Estatutos e ademais:*
- a)** *As candidaturas serán pechadas e incluírán un máximo de candidatos coincidente co número de membros indicado no artigo 29. Ningún candidato poderá presentarse en máis dunha candidatura.*

- b) A votación realizarase a candidaturas completas, sen introducir nela modificación algunha nin alterar o orde de colocación dos candidatos.*
- c) Se fose presentase unha lista única, a Mesa da Asemblea poderá prescindir do procedemento de voto indicado no punto 49.*

**53.** *A Asemblea Xeral será clausurada polo novo Presidente da FEGAMP, cabeza da lista máis votada, unha vez que estean adoptados os oportunos acordos plenarios sobre os asuntos constitutivos da orde do día correspondente.*

## DISPOSICIÓNS FINAIS

- 1. Establécese unha oficina de Secretaría Xeral Permanente, que coordinará os traballos e determinará as interpretacións dos Estatutos e destas propias Normas, en caso de dúbida.*
- 2. No prazo de 30 días desde o remate da Asemblea, o Secretario Xeral procederá á protocolización dos acordos sociais adoptados pola Asemblea Xeral da FEGAMP.*
- 3. Nos procedementos de votación nos que se utilicen papeletas, estas serán as oficiais confeccionadas a tal efecto e entregadas no procedemento de acreditación.*
- 4. Se no Relatorio de Estatutos da Asemblea se alterase a numeración dos artigos, entenderase que as referencias aos mesmos nestas Normas se trasladarán ao número correspondente dos novos Estatutos.*